

NORMAS PARA A PARTICIPACIÓN NA LUDOTECA DE NADAL 2022-2023

1. No caso de que o número de solicitudes de inscrición presentadas supere o número de prazas ofertadas, na selección dos/as participantes terase en conta:
 - a) Que o/a menor estea empadroadado/a no Concello de Viana do Bolo
 - b) Aspectos coma o nivel de renda e as cargas familiares das persoas que soliciten a participación nas medidas de conciliación, como as mulleres vítimas de violencia de xénero en todas as súas manifestacións, así como as familias monomarentais e monoparentais, entre outras, situacións familiares. *(Tal e como recolle o Artigo 6 da “RESOLUCIÓN do 7 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade para o ano 2022”).*
2. Pedimos ás persoas encargadas de levar e recoller os/as nenos/as que sexan **PUNTUAIS**.
3. Os/as menores non poden levar ás actividades móbiles, nin dispositivos electrónicos de ningún tipo.
4. Recoméndase que os/as nenos/as acudan as actividades con roupa e calzado cómodo e fácil de lavar (uso de pinturas, pegamentos, etc.)
5. **Sempre que a persoa encargada de recoller os/as menores sexa alguén que non figure na solicitude de inscrición, isto deberá notificarse con anterioridade ao persoal que xestiona a actividade, debendo esta persoa coñecer e cumprir as normas que aquí se expoñen.**
6. Non se permite a entrada das familias aos espazos por razóns de seguridade.
7. É obriga de pais/nais/titor@s a comunicación de calquera síntoma sospeitoso de Covid-19 que presente o/a menor.
8. **A falta inxustificada do/a menor durante 3 días supón a perda do dereito á praza e, de haber listaxe de espera, asignaráselle a praza ao/á seguinte da lista.**

As ausencias inxustificadas tamén se terán en conta de cara a participación nas actividades de conciliación de verán, pasando ao final da lista as persoas que se ausenten de maneira reiterada na Ludoteca de Nadal.
9. O Concello de Viana do Bolo resérvase o dereito tomar medidas e/ou decisións non especificadas neste documento sempre que poidan contribuír a un mellor funcionamento das actividades
10. A Ludoteca contará á súa vez, cunha serie de normas e recomendacións a nivel interno para a boa convivencia entre os/as menores (ex. non insultar e/ou pegar, acatar as normas establecidas polas monitoras en cada actividade, etc.) . A falta reiterada de cumprimento destas normas básicas de convivencia será motivo de expulsión da Ludoteca
11. A inscrición do/a menor na Ludoteca de Nadal 2022-2023 supón o coñecemento e aceptación das normas reflexadas neste documento.

PERSOAL DE CONTACTO:

Para calquera dúbida ou consulta ou queixa contactar co CIM:

Tlfo: 988 32 92 60

Correo electrónico: cimviana@gmail.com

(Iniciada a actividade facilitaranse outros teléfonos para un contacto máis directo coas monitoras).